

RESOLUCIÓN DE URXENCIA DO COMITÉ NACIONAL DA FeSP-UGT Galicia EN CONTRA DA ZONIFICACIÓN ESCOLAR DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO.

No día de hoxe ó II Comité Nacional da FeSP-UGT Galicia aprobou unha resolución rexeitando a nova zonificación de Vigo e demandando unha Mesa Técnica para negociar en caso de supresión de centros ou ensinanzas

Nos últimos días a sociedade galega está sendo testiga do atropelo que o goberno do Partido Popular está cometendo coas decisións arbitrarias que está a tomar respecto das áreas de influencia e zonificación. Decisións que inciden na problemática e deterioro que o Ensino coma servizo público está a sufrir. Entre as problemáticas existentes hai dúas que están íntimamente relacionadas. Por un lado a falla de provisión de profesorado nos centros escolares a través do Concurso Xeral de Traslados acorde a unha Rede de centros estudada e que garanta a calidade educativa do Ensino Público de Galicia. Por outra banda, os recortes nos cadros e cupos de persoal docente e a temporalidade como recurso xeneralizado que conlevan directamenete ó deterioro das condicións do sistema e dificultan ou imposibilitan o desenvolvemento de proxectos educativos e a estabilidade dos cadros de persoal.

Dende a FeSP-UGT Galicia vimos reclamando unha reestruturación da vella zonificación do concello de Vigo que contemple a realidade actual, ordenando a adscrición do alumnado e garantindo a igualdade de oportunidades, corrixindo e minimizando os defectos estruturais existentes, dotándose duns servizos complementarios igualitarios, para centros públicos e concertados (transporte, comedor ...) e reflectido nun documento transparente, que conteña toda a información relevante e o máximo de consenso.

A FeSP-UGT esixiu á Xefatura Territorial de Pontevedra que se facilitara oficialmente o borrador de zonificación de Vigo paralizando o borrador existente, cuxos datos veñen sendo filtrados á prensa por parte da administración, para abrir un proceso dialogado dos órganos de representación do profesorado (Xunta de Persoal) que resulte nun documento xusto e explícito, que facilite a escolarización nos centros públicos, asegure a igualdade de oportunidades e a continuidade dos postos docentes públicos que se poden ver afectados polo novo proxecto de zonificación.

A FeSP-UGT conscientes de que estes problemas poderían suceder propuxo ó Conselleiro de Educación o pasado día 29 de xuño de 2017, a creación dunha **Mesa Técnica emanada da Mesa Sectorial Docente** na que se leve a cabo unha planificación negociada da creación ou supresión de centros educativos ou unidades de ensinanza (coa correspondente consecuencia nos postos de traballo), que respondese a uns criterios obxectivos e transparentes e na que tiveran cabida representantes de todos os sectores da comunidade educativa.

Por todo o exposto o Comité Nacional quere manifestar o seguinte:

1. Lamentar enormemente que o Goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia non aproveitara esta petición para anticipar e corrixir as consecuencias que esta decisión está a causar.
2. Rexeitar á **reestruturación das zonas de escolarización do concello de Vigo proposta pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia**, xa que en ningún momento se escoitou á comunidade educativa nin se acordou dita zonificación cos órganos de representación do profesorado.
3. Instar ó Goberno do Partido Popular a **paralizar a tramitación do borrador de zonificación da área metropolitana de Vigo e inicar un novo, elaborado en base a criterios pedagóxicos, acompañándoo dun proceso de negociación da vacantes dende os órganos de representación do conxunto dos docentes da provincia de Pontevedra, favorecendo a estabilización dos cadros de persoal docente dos centros educativos paliando a situación actual de provisionalidade. dunha alta porcentaxe de profesorado galego.**
4. Apoiar as mobilizacións que se están a levar a cabo para intentar reconducir todas estas actuacións.